



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 15 DE NOVEMBRO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos do día 15 de novembro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 04.10.2016, EXTRAORD. 20.10.2016 E EXTRAORD. 04.11.2016)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 4 e 20 de outubro, e 4 de novembro de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos presentes en cada unha.

PUNTO 2.- INSTANCIAS

Dase conta do escrito RE 7.138 de data 14 de novembro de 2016, presentado por D. ROBERTO GONZALEZ MIRANDA, con enderezo na rúa Antonio Palacios, nº 8-6ºB de Porriño, solicitando celeridade da licitación dos postos da praza da abastos.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o equipo de goberno está traballando neste procedemento e que, en breve, publicaranse os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexirán dita concesión administrativa.

PUNTO 3.- INFORMES XURÍDICOS

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 2 de novembro de 2016 dando conta de varios decretos ditados por distintos órganos de orden xurisdiccional do contencioso-administrativo en relación con distintos pleitos seguidos por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra o Concello da Guarda nos que se aproban as tasacións de costas de ditos pleitos tanto a favor como en contra do Concello para efectuar as pertinentes compensacións e pago do saldo a favor do Sr. Abeleira Cabaleiro.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda instar ó Alcalde para que dea traslado deste expediente a Intervención e Tesoureiría para que realicen o pago na primeira quincena de xaneiro de 2017.

Sendo as nove horas e corenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.